

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

9668 Orde AAA/1703/2014, do 18 de setembro, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países.

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva de Execución 2014/78/UE da Comisión, do 17 de xuño de 2014, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, considera que é necesario realizar certas modificacións canto á mención na directiva dalgúns organismos nocivos nos anexos I e II, en coherencia co nivel de risco e coa súa situación na Unión Europea, así como realizar certas modificacións dos requisitos especiais que figuran no anexo IV. Por outra parte, débense introducir certos requisitos de inspección para vexetais e produtos vexetais, que deberán, por tanto, figurar no anexo V. Así mesmo, débese adecuar a directiva ao reflectido na última revisión da NIMF 15 da FAO e adaptar as denominacións dalgúns organismos nocivos á denominación científica revisada. Tamén se considera necesario adaptar as disposicións da Directiva 2000/29/CE relativas ao nematodo do quiste da pataca aos requisitos da Directiva 2007/33/CE, do Consello. Por último, a modificación reflicte certos cambios relativos a zonas protexidas da Unión Europea respecto dalgúns organismos nocivos.

Por outra parte, a Directiva de execución 2014/83/UE da Comisión, do 25 de xuño de 2014, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, considera necesario realizar cambios adicionais en relación coas zonas protexidas da Unión Europea respecto dalgúns organismos nocivos, e modificar a denominación científica do organismo nocivo *Ceratocystis fimbriata* polo de *Ceratocystis platani*, a un tempo que se revisan algunhas disposicións relativas a este organismo nocivo.

Ademais, procede incorporar no real decreto a corrección de erros da Directiva 2000/29/CE, publicada no *Diario Oficial de la Unión Europea* do pasado 27 de xuño.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para adaptar os seus anexos ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países.*

Os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países, quedan modificados como segue:

Un. O anexo I modifícase como segue:

a) A parte A modifícase como segue:

1.º A sección I modifícase como segue:

- na alínea a), a seguir do punto 1, insírese o punto 1.1 seguinte:
«1.1. *Agrilus anxius* Gory»,
- na alínea a), a seguir do punto 1.1, insírese o punto 1.2 seguinte:
«1.2. *Agrilus planipennis* Fairmaire»,
- na alínea a), a seguir do punto 1.2, insírese o punto 1.3 seguinte:
«1.3. *Anthonomus eugenii* Cano»,
- na alínea a), a seguir do punto 10.4, insírese o punto 10.5 seguinte:
«10.5. *Diaphorina citri* Kuway»,
- na alínea b), antes do punto 1, insírese o punto 0.1 seguinte:
«0.1. *Candidatus Liberibacter* spp., axente causante do huanglongbing ou greening dos cítricos»,
- na alínea c) suprímese o punto 9.

2.º A sección II modifícase como segue:

- na alínea a), antes do punto 0.1, insírese o seguinte punto 0.01:
«0.01. *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.*»,
- na alínea a), a seguir do punto 9, insírese o punto 10 seguinte:
«10. *Trioza erytrae* Del Guercio»,
- na alínea b), no punto 2, o texto «*Pseudomonas solanacearum* (Smith) Smith» substitúese por «*Ralstonia solanacearum* (Smith) Yabuuchi *et al.*»;

b) A alínea a) da parte B modifícase como segue:

1.º O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas)	IRL, P [Açores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho, Ribatejo e Oeste (municipios de Alcobaça, Alenquer, Bombarral, Cadaval, Caldas da Rainha, Lourinhã, Nazaré, Óbidos, Peniche e Torres Vedras) e Trás-os-Montes], UK, S, FIN»
--	---

2.º A seguir do punto 1.1 insírese o punto 1.2 seguinte:

«1.2. <i>Dryocosmus kuriphilus</i> Yasumatsu	IRL, P, UK»,
---	--------------

3.º A seguir do punto 4, insírese o punto 5 seguinte:

«5. <i>Thaumtopoea processionea</i> L.	IRL e UK (excepto as entidades locais de Barnet; Brent; Bromley; Camden; City of London; City of Westminster; Croydon; Ealing; Elmbridge District; Epsom and Ewell District; Hackney; Hammersmith & Fulham; Haringey; Harrow; Hillingdon; Hounslow; Islington; Kensington & Chelsea; Kingston upon Thames; Lambeth; Lewisham; Merton; Reading; Richmond upon Thames; Runnymede District; Slough; South Oxfordshire; Southwark; Spelthorne District; Sutton; Tower Hamlets; Wandsworth; e West Berkshire)»;
--	--

Dous. O anexo II modifícase como segue:

a) A parte A modifícase como segue:

1.º A sección I modifícase como segue:

- a alínea a) modifícase como segue:
 - suprímese o punto 1.1,
 - suprímese o punto 8,
 - suprímese o punto 10,
 - suprímese o punto 31,
- na alínea b) suprímese o punto 1,
- na alínea c) suprímese o punto 7,
- no punto 5.1 da alínea d), o texto da columna da dereita «*Lycopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw.» substitúese por «*Solanum lycopersicum* L.»;

2.º A sección II modifícase como segue:

- na alínea b): no punto 2, o texto da columna da dereita «*Lycopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw.» substitúese por «*Solanum lycopersicum* L.», e no punto 9, o texto da columna da dereita «*Lycopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw.» substitúese por «*Solanum lycopersicum* L.»

– na alínea c), o punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. <i>Ceratocystis platani</i> (J. M. Walter) Engelbr. & T. C. Harr.	Vexetais de <i>Platanus</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes, e madeira de <i>Platanus</i> L., incluída a madeira que non conserva a súa superficie arredondada natural»
---	--

– a alínea d) modifícase como segue:

- suprímese o punto 5,
- no punto 15, o texto da columna da dereita «*Lycopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw.» substitúese por «*Solanum lycopersicum* L.»,
- no punto 16, o texto da columna da dereita «*Lycopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw.» substitúese por «*Solanum lycopersicum* L.»;

b) A parte B modifícase como segue:

1.º Na alínea a) do punto 6 da alínea a), o texto da terceira columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo texto seguinte:

«EL, IRL, UK»,

2.º no punto 2 da alínea b), o texto da terceira columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Murcia, Navarra e La Rioja, e a provincia de Gipuzkoa (País Vasco)], as comarcas de Alt Vinalopó e Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana), EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua e Sondrio), as Marcas, Molise, Piamonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto os municipios de Blahová, Čenkovce, Horné Mýto, Okoč, Topoľníky e Trhová Hradská (distrito de Dunajská Streda), Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málinec (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätušé e Zatín (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal).»

3.º Na parte B, alínea c), insírese o seguinte punto antes do punto 0.1:

«0.0.1. <i>Ceratocystis platani</i> (J. M. Walter) Engelbr. & T. C. Harr.	Vexetais de <i>Platanus</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes, e madeira de <i>Platanus</i> L., incluída a madeira que non conserva a súa superficie arredondada natural	UK»
---	---	-----

4.º Na alínea c), o punto 0.1 substitúese polo texto seguinte:

«0.1. <i>Cryphonectria parasitica</i> (Murrill) Barr.	Madeira, excluída a madeira que foi escascada, a casca illada e os vexetais destinados á plantación de <i>Castanea</i> Mill.	CZ, IRL, S, UK»,
---	--	------------------

5.º A alínea d) modifícase como segue:

- no punto 1, o texto da terceira columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo texto seguinte:
«EL (excepto as unidades periféricas de Argólida e Chania), M, P (excepto o Algarve e Madeira)»,
- no punto 2, o texto da terceira columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo texto seguinte:
«CZ, FR [Alsacia, Champaña-Ardenas, Picardía (departamento do Aisne), Illa de Francia (municipios de Citry, Nanteuil-sur-Marne e Saâcy-sur-Marne) e Lorena], I (Apulia, Basilicata e Sardeña)»;

Tres. A parte B do anexo III modifícase como segue:

- a) no punto 1, o texto da segunda columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Murcia, Navarra e La Rioja, e a provincia de Gipuzkoa (País Vasco)], as comarcas de Alt Vinalopó e Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana), EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua e Sondrio), as Marcas, Molise, Piemonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kédainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto os municipios de Blahová, Čenkovce, Horné Mýto, Okoč, Topoľníky e Trhová Hradská (distrito de Dunajská Streda), Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málíneč (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuš e Zátín (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal).»

- b) no punto 2, o texto da segunda columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Murcia, Navarra e La Rioja, e a provincia de Gipuzkoa (País Vasco)], as comarcas de Alt Vinalopó e Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana), EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua e Sondrio), as Marcas, Molise, Piemonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kédainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto os municipios de Blahová, Čenkovce, Horné Mýto, Okoč, Topoľníky e Trhová Hradská (distrito de Dunajská Streda), Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málíneč (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké

Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuš e Zatin (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal).»

Catro. O anexo IV modifícase como segue:

a) a parte A modifícase como segue:

1.º A sección I modifícase como segue:

– o punto 1.1 substitúese polo texto seguinte:

«1.1. Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (*Coniferales*), excepto a de *Thuja* L. e *Taxus* L., que non sexa en forma de:

- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas,
- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío,
- madeira de *Libocedrus decurrens* Torr., cando existan probas de que, no tratamento ou procesamento para lapis, a madeira se someteu a un tratamento térmico adecuado a fin de alcanzar unha temperatura mínima de 82 °C nun período de sete a oito días,

pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada natural, orixinaria de Canadá, China, Xapón, República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.*

Declaración oficial de que a madeira foi sometida a un proceso adecuado de:

a) tratamento térmico para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso en vigor, e nos certificados mencionados no inciso ii do número 1 do artigo 13,

ou

b) fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m^3) e o tempo de exposición (h),

ou

c) impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%),

e

declaración oficial de que, despois do tratamento e até saír do país que expediu a declaración, a madeira se transportou fóra da temporada de voo do vector *Monochamus*, tendo en conta unha marxe de seguranza de 4 semanas adicionais ao principio e ao final da temporada de voo prevista ou, excepto no caso da madeira escascada, cunha protección que garanta que a infestación por *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.* ou polo seu vector non foi posible.»

– o punto 1.2 substitúese polo texto seguinte:

- «1.2. Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (*Coniferales*) en forma de:
- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas, orixinaria de Canadá, China, Xapón, República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.*
- Declaración oficial de que a madeira foi sometida a un proceso adecuado de:
- a) tratamento térmico para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se indicará nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13,
 - ou
 - b) fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),
 - e
- declaración oficial de que, despois do tratamento e até saír do país que expediu a declaración, a madeira se transportou fóra da temporada de voo do vector *Monochamus*, tendo en conta unha marxe de seguranza de 4 semanas adicionais ao principio e ao final da temporada de voo prevista ou, excepto no caso da madeira escascada, cunha protección que garanta que a infestación por *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.* ou polo seu vector non foi posible.»

– o punto 1.3 substitúese polo texto seguinte:

- «1.3. Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de *Thuja* L. e *Taxus* L. que non sexa en forma de:
- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas,
 - embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío,
- Declaración oficial de que a madeira:
- a) foi escascada,
 - ou
 - b) foi sometida a un proceso de secado no forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, até lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado no forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso en vigor,
 - ou
 - c) foi sometida a un tratamento térmico adecuado para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso en vigor, e nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13,

pero incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada natural, orixinaria de Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.*

- ou
- d) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),
- ou
- e) foi sometida a un procedemento adecuado de impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a presión (psi o kPa) e a concentración (%).»,

– suprímese o punto 1.4,

– o punto 1.5 substitúese polo texto seguinte:

«1.5. Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (*Coniferales*), que non sexa en forma de:

- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas,
- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío,

Declaración oficial de que a madeira:

- a) é orixinaria de zonas que se sabe que están libres de:
- *Monochamus* spp. (especies non europeas),
 - *Pissodes* spp. (especies non europeas),
 - *Scolytidae* spp. (especies non europeas).
- A zona indícarase nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13, na epígrafe «Lugar de orixe»,
- ou
- b) foi escascada e non ten perforacións causadas por vermes do xénero *Monochamus* spp. (especies non europeas) definidas, para estes efectos, como aquelas perforacións cuxo diámetro é superior a 3 mm,

pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, orixinaria de Rusia, Casaquistán e Turquía.

- ou
- c) foi sometida a un proceso de secado no forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, até lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado no forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso en vigor,
- ou
- d) foi sometida a un tratamento térmico adecuado para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso en vigor, e nos certificados mencionados no inciso ii do número 1 do artigo 13,
- ou
- e) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m^3) e o tempo de exposición (h),
- ou
- f) foi sometida a un procedemento adecuado de impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%).»,

– o punto 1.6 substitúese polo texto seguinte:

«1.6. Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (*Coniferales*), que non sexa en forma de:

- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas,
- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío,

pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, orixinaria de terceiros países, salvo de:

- Rusia, Casaquistán e Turquía,
- países europeos,

Canadá, China, Xapón, República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) Nickle *et al.*

Declaración oficial de que a madeira:

- a) foi escascada e non ten perforacións causadas por vermes do xénero *Monochamus* spp. (especies non europeas) definidas, para estes efectos, como aquelas perforacións cuxo diámetro é superior a 3 mm, ou
- b) foi sometida a un proceso de secado no forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, até lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado no forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso en vigor, ou
- c) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m^3) e o tempo de exposición (h), ou
- d) foi sometida a un procedemento adecuado de impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%), ou
- e) foi sometida a un tratamento térmico adecuado para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso en vigor, e nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13.»

- na columna da dereita do punto 1.7, a alínea e) substitúese polo texto seguinte:
 - «e) foi sometida a un tratamento térmico adecuado para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se indicará nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13,
- o punto 2 substitúese polo texto seguinte:
 - «2. Embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto a madeira bruta dun grosor igual ou inferior a 6 mm, a madeira transformada producida por colaxe, calor ou presión, ou por unha combinación destes métodos, e os madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, procedentes de terceiros países, excepto de Suíza.
 - As embalaxes de madeira:
 - someteranse a un dos tratamentos aprobados que se especifican no anexo I da Norma internacional para medidas fitosanitarias N° 15 da FAO, «Regulamentación da embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional», e
 - levarán a marca especificada no anexo II da citada norma internacional, que indique que a embalaxe de madeira foi sometida a un tratamento fitosanitario aprobado de conformidade con esa norma.»,
- no punto 2.1, o texto da columna da esquerda substitúese polo texto seguinte:
 - «Madeira de *Acer saccharum* Marsh., incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, que non sexa en forma de:
 - madeira destinada á produción de chapa,
 - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo,
 - embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, orixinaria dos Estados Unidos e Canadá.»,
- o punto 2.3 substitúese polo texto seguinte:
 - «2.3. Estea ou non incluída nos códigos NC do anexo V, parte B, madeira de *Fraxinus* L., *Juglans ailantifolia* Carr., *Juglans mandshurica* Maxim., *Ulmus davidiana* Planch. e *Pterocarya rhoifolia* Siebold & Zucc., que non sexa en forma de:
 - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas árbores,

- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, así como o mobiliario e outros obxectos feitos de madeira sen tratar, orixinaria de Canadá, China, República Popular Democrática de Corea, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e Estados Unidos.
- o punto 2.4 substitúese polo texto seguinte:
- «2.4. Esta ou non incluída nos códigos NC do anexo V, parte B, madeira en forma de labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente de *Fraxinus* L., *Juglans ailantifolia* Carr., *Juglans mandshurica* Maxim., *Ulmus davidiana* Planch. e *Pterocarya rhoifolia* Siebold & Zucc., orixinaria de Canadá, China, República Popular Democrática de Corea, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e Estados Unidos.
- o punto 2.5 substitúese polo texto seguinte:
- «2.5. Estean ou non incluídos nos códigos NC da parte B do anexo V, casca illada e obxectos feitos de casca de *Fraxinus* L., *Juglans ailantifolia* Carr., *Juglans mandshurica* Maxim., *Ulmus davidiana* Planch. e *Pterocarya rhoifolia* Siebold & Zucc. orixinarios de Canadá, China, República Popular Democrática de Corea, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e Estados Unidos.

Declaración oficial de que:

- a) a madeira é orixinaria dunha zona declarada libre de *Agrilus planipennis* Fairmaire de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2; o nome da zona deberá figurar no certificado fitosanitario mencionado no inciso ii) do número 1 do artigo 13, ou
- b) a casca e, ao menos, 2,5 cm do sámago exterior elimináronse nunha instalación autorizada e supervisada polo servizo fitosanitario nacional, ou
- c) a madeira foi sometida a un proceso de radiación ionizante para alcanzar unha dose mínima absorbida de 1 kGy en toda a súa extensión.»

Declaración oficial de que a madeira é orixinaria dunha zona declarada libre de *Agrilus planipennis* Fairmaire de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2; o nome da zona deberá figurar no certificado fitosanitario mencionado no inciso ii) do número 1 do artigo 13.»

Declaración oficial de que a casca é orixinaria dunha zona declarada libre de *Agrilus planipennis* Fairmaire de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2; o nome da zona deberá figurar no certificado fitosanitario mencionado no inciso ii) do número 1 do artigo 13.»

- no punto 3, o texto da columna da esquerda substitúese polo texto seguinte:

«Madeira de *Quercus* L. que non sexa en forma de:

- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo,
- pipas, cubas, tinas e demais manufacturas de cubeiro e as súas partes, de madeira, incluídas as doelas, sempre que existan probas documentais de que, no proceso de produción ou fabricación, a madeira se someteu a un tratamento térmico até alcanzar unha temperatura mínima de 176 °C durante 20 minutos,
- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, orixinaria dos Estados Unidos.

- a seguir do punto 3, insírense os puntos 4.1, 4.2 e 4.3 seguintes:

«4.1. Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de *Betula* L. que non sexa en forma de:

- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas árbores,
- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío,

pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, así como o mobiliario e outros obxectos feitos de madeira sen tratar, orixinarios de Canadá e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de *Agilus anxius* Gory.

Declaración oficial de que:

- a) a casca e, ao menos, 2,5 cm do sámago exterior se eliminaron nunha instalación autorizada e supervisada polo servizo fitosanitario nacional, ou
- b) a madeira foi sometida a un proceso de radiación ionizante para alcanzar unha dose mínima absorbida de 1 kGy.

- 4.2 Estean ou non incluídos nos códigos NC da parte B do anexo V, labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente de *Betula* L. Declaración oficial de que a madeira é orixinaria dun país que se sabe que está libre de *Agrilus anxius* Gory.
- 4.3 Estean ou non incluídos nos códigos NC da parte B do anexo V, casca e obxectos feitos de casca de *Betula* L. orixinarios de Canadá e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de *Agrilus anxius* Gory. Declaración oficial de que a casca non contén madeira.»
- o punto 5 substitúese polo texto seguinte:
- «5. Madeira de *Platanus* L., excepto a que se presente en forma de estelas, partículas, serraduras, labras, residuos ou material de refugallo, pero incluída a que non conserve a súa superficie arredondada habitual, orixinaria de Armenia, Estados Unidos ou Suíza. Declaración oficial de que a madeira se someteu a un proceso de secado no forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, até lograr un grao de humidade inferior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, o cal se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «KD» (secado no forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor.»
- no punto 6, o texto da columna da esquerda substitúese polo texto seguinte:
- «Madeira de *Populus* L. que non sexa en forma de:
- labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo,
 - embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, pero incluída a que non conservou a súa superficie arredondada habitual, orixinaria de países do continente americano.»
- O punto 7.1 substitúese polos seguintes novos puntos 7.1.1 e 7.1.2:

- «7.1.1 Esta incluída ou non na lista de códigos NC da parte B do anexo V, madeira en forma de estelas, partículas, serraduras, labras, residuos ou material de refugallo, obtida total ou parcialmente a partir de:
- *Acer saccharum* Marsh., orixinaria dos Estados Unidos e Canadá,
 - *Populus L.*, orixinaria do continente americano.
- Declaración oficial de que a madeira:
- a) foi producida a partir de madeira en rolla escascada,
- ou ben
- b) foi sometida a un proceso de secado no forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, até lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca,
- ou ben
- c) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2. A fumigación acreditarase indicando nos certificados mencionados no artigo 13, número 1, inciso ii), o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),
- ou ben
- d) foi sometida a un tratamento térmico adecuado a fin de alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos seguidos en todo o perfil da madeira (incluído o seu centro), do que se deixará constancia nos certificados a que fai referencia o artigo 13, número 1, inciso ii).
- 7.1.2 Esta incluída ou non na lista de códigos NC da parte B do anexo V, madeira en forma de estelas, partículas, serraduras, labras, residuos ou material de refugallo, obtida total ou parcialmente a partir de:
- *Platanus L.* orixinaria de Armenia, Estados Unidos ou Suíza.
- Declaración oficial de que a madeira:
- a) foi sometida a un proceso de secado no forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, até lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca,
- ou ben
- b) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2, o cal se acreditará indicando nos certificados mencionados no artigo 13, número 1, inciso ii), o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),
- ou ben
- c) foi sometida a un tratamento térmico adecuado a fin de alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos seguidos en todo o perfil da madeira (incluído o seu centro), do que se deixará constancia nos certificados a que fai referencia o artigo 13, número 1, inciso ii).»

- na columna da dereita do punto 7.2, a alínea c) substitúese polo texto seguinte:
 - «c) foi sometida a un tratamento térmico adecuado para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da madeira (incluído o núcleo), o que se indicará nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13.»

- no punto 7.3, o texto da columna da dereita substitúese polo texto seguinte:
 - «Declaración oficial de que a casca illada:
 - a) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento establecido no número 2 do artigo 18, o que se acreditará indicando nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13 o ingrediente activo, a temperatura mínima da casca, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),
ou
 - b) foi sometida a un tratamento térmico adecuado para alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos continuos en todo o perfil da casca (incluído o núcleo), o que se indicará nos certificados mencionados no inciso ii) do número 1 do artigo 13,e
declaración oficial de que, despois do tratamento e até saír do país que expediu a declaración, a casca se transportou fóra da temporada de voo do vector *Monochamus*, tendo en conta unha marxe de seguranza de 4 semanas adicionais ao principio e ao final da temporada de voo prevista ou unha protección que garanta que a infestación por *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Bühner) nickle *et al.* ou polo seu vector non foi posible.»

- suprímese o punto 8,

- o punto 11.4 substitúese polo texto seguinte:

<p>«11.4 Vexetais de <i>Fraxinus</i> L., <i>Juglans ailantifolia</i> Carr., <i>Juglans mandshurica</i> Maxim., <i>Ulmus davidiana</i> Planch. e <i>Pterocarya rhoifolia</i> Siebold & Zucc., excluídos os froitos e as sementes, pero incluídas as ramas cortadas con ou sen follas, orixinarios de Canadá, China, República Popular Democrática de Corea, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e Estados Unidos.</p>	<p>Declaración oficial de que os vexetais son orixinarios dunha zona declarada libre de <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2; o nome da zona deberá figurar no certificado fitosanitario mencionado no inciso ii) do número 1 do artigo 13.»</p>
---	---

- a seguir do punto 11.4 insírese o punto 11.5 seguinte:

<p>«11.5 Vexetais de <i>Betula</i> L., excluídos os froitos e as sementes, pero incluídas as ramas cortadas de <i>Betula</i> L. con ou sen follas.</p>	<p>Declaración oficial de que os vexetais son orixinarios dun país que se sabe que está libre de <i>Agrilus anxius</i> Gory.»</p>
--	---

– o punto 12 substitúese polo seguinte:

- «12. Vexetais de *Platanus* L., destinados á plantación, excepto as sementes, orixinarios de Armenia, Estados Unidos ou Suíza.

Declaración oficial de que non se observaron síntomas de *Ceratocystis platani* (J. M. Walter) Engelbr. & T. C. Harr. na parcela de produción nin nas inmediacións desde o inicio do último ciclo completo de vexetación.»

– suprimense os puntos 15 e 16,

– a seguir do punto 18 insírense os puntos 18.1, 18.2 e 18.3 seguintes:

- «18.1 Vexetais de *Aegle* Corrêa, *Aeglopsis* Swingle, *Afraegle* Engl, *Atalantia* Corrêa, *Balsamocitrus* Stapf, *Burkillanthus* Swingle, *Calodendrum* Thunb., *Choisya* Kunth, *Clausena* Burm. f., *Limonia* L., *Microcitrus* Swingle., *Murraya* J. Koenig ex L., *Pamburus* Swingle, *Severinia* Ten., *Swinglea* Merr., *Triphasia* Lour. e *Vepris* Comm., excluídos os froitos (pero incluídas as sementes); e as sementes de *Citrus* L., *Fortunella* Swingle e *Poncirus* Raf., e os seus híbridos, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais dos puntos 18.2 e 18.3 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que os vexetais son orixinarios dun país declarado libre de *Candidatus* Liberibacter spp., axente causante do huanglongbing ou *greening* dos cítricos, de conformidade co procedemento establecido no artigo 18, número 2.

- «18.2. Vexetais de *Casimiroa* A Llave, *Clausena* Burm. f., *Vepris* Comm, *Zanthoxylum* L., excepto os froitos e as sementes, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais dos puntos 18.1 e 18.3 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que:

- a) os vexetais son orixinarios dun país libre de *Trioza erythrae* Del Guercio, ou
b) os vexetais son orixinarios dunha zona libre de *Trioza erythrae* Del Guercio, expedida polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias e mencionada no certificado citado no inciso ii) do número 1 do artigo 13 da presente directiva baixo a epígrafe «Declaración adicional».

- «18.3. Vexetais de *Aegle* Corrêa, *Aeglopsis* Swingle, *Afraegle* Engl., *Amyris* P. Browne, *Atalantia* Corrêa, *Balsamocitrus* Stapf, *Choisya* Kunth, *Citropsis* Swingle & Kellerman, *Clausena* Burm. f., *Eremocitrus* Swingle, *Esenbeckia* Kunth., *Glycosmis* Corrêa, *Limonia* L., *Merrillia* Swingle, *Microcitrus* Swingle, *Murraya* J. Koenig ex L., *Naringi* Adans., *Pamburus* Swingle, *Severinia* Ten., *Swinglea* Merr., *Tetradium* Lour., *Toddalia* Juss., *Triphasia* Lour., *Vepris* Comm. e *Zanthoxylum* L., excepto os froitos e as sementes, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais dos puntos 18.1 e 18.2 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que:

- a) os vexetais son orixinarios dun país libre de *Diaphorina citri* Kuway, ou
b) os vexetais son orixinarios dunha zona libre de *Diaphorina citri* Kuway, expedida polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias e mencionada no certificado citado no inciso ii) do número 1 do artigo 13 da presente directiva baixo a epígrafe «Declaración adicional».»,

- nas alíneas aa) e bb) do punto 25.4, o texto «*Pseudomonas solanacearum* (Smith) Smith» substitúese por «*Ralstonia solanacearum* (Smith) Yabuuchi *et al.*»,
- na columna da dereita do punto 25.4.1, o texto «*Pseudomonas solanacearum* (Smith) Smith» substitúese por «*Ralstonia solanacearum* (Smith) Yabuuchi *et al.*»,
- na columna da esquerda do punto 25.6, o texto «*Lycopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw.» substitúese por «*Solanum lycopersicum* L.»,
- o punto 25.7 substitúese polo texto seguinte:

«25.7. Vexetais de <i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L., <i>Musa</i> L., <i>Nicotiana</i> L. e <i>Solanum melongena</i> L., destinados á plantación, excluídas as sementes, orixinarios de países en que se ten constancia da existencia de <i>Ralstonia solanacearum</i> (Smith) Yabuuchi <i>et al.</i>	Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais mencionados nos puntos 11 e 13 da parte A do anexo III e nos puntos 25.5 e 25.6 da sección I da parte A do anexo IV, cando proceda, declaración oficial de que: <ul style="list-style-type: none">a) os vexetais son orixinarios de zonas que se comprobou que están libres de <i>Ralstonia solanacearum</i> (Smith) Yabuuchi <i>et al.</i>, ou <ul style="list-style-type: none">b) non se observaron síntomas de <i>Ralstonia solanacearum</i> (Smith) Yabuuchi <i>et al.</i> nos vexetais da parcela de produción desde o inicio do último ciclo de vexetación completo.»
---	--

- o punto 27.1 substitúese polo texto seguinte:

